



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ARRAIANAS

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Coa denominación “Arraianas” constitúese unha asociación ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

En todo o non previsto nos presentes Estatutos aplicarase a citada Lei Orgánica, de 22 de marzo, e as disposiciones complementarias de desenvolvemento.

Artigo 2. A Asociación establece o seu domicilio social na Rúa Pexigo de Arriba, 32, Baixo Local, Santiago de Compostela, provincia de A Coruña C.P. 15703, teléfonos 981936034- 623004843- 659887159- 608085428- 622145085- 691030436 e correo electrónico arraianas@arraianas.org

A Asociación en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de Galiza.

Artigo 3. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá conforme a estes estatutos, pola vontade das e dos asociadas/os expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 4. A asociación terá como fins os seguintes:

- Velar pola defensa dos dereitos configurados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, traballando pola súa aplicación práctica para tódalas persoas.
- Promoción da integración, inclusión social e defensa de tódolos dereitos das persoas en risco ou situación de exclusión social. Prestarase especial atención ás persoas migrantes, refuxiadas e apátridas.
- Promoción dunha perspectiva de xénero, dende a mesma, prestarase atención á plena inclusión das mulleres vítimas de violencia de xénero, en contexto de prostitución, vítimas de trata de seres humanos e/ou tortura.
- Proporcionar apoio ás familias ao longo de todo o seu ciclo vital, especialmente ás monomarentais. Poñerase especial énfase na atención á infancia, terceira idade e persoas que viven en soildade ou illamento, favorecendo a comunicación e a cooperación intragrupo e intergrupo.
- Promoción e protección medioambiental e do eido rural, buscando de xeito especial incidir en posturas de consumo respetuoso co mesmo que favorezan o desenvolvemento sostible e comunitario.
- Contribuír á construción de sociedades interculturais e diversas que faciliten a convivencia e os procesos de inclusión, garantindo a igualdade de oportunidades, de trato e non discriminación de tódalas persoas que forman parte da sociedade. Procurarase a erradicación dos delitos de odio dirixidos a persoas especialmente vulnerables.
- Promoción da participación, transformación e activación social, a nivel asociativo e individual, de toda a poboación xeral, especialmente das persoas en risco de exclusión social.
- Promover o desenvolvemento e ser axentes de cambio naquelas zonas xeográficas que por estaren afastadas, os colectivos en risco que alí residen non



dispoñen dos recursos precisos para lograr unha igualdade de oportunidades. Procurarase contribuir á desaparición da fenda dixital.

- Adopción de posturas públicas de denuncia ante situacións de violación dos dereitos humanos, de violencia, de inxustiza social, efectos do cambio climático, etc. e ante calquera posible factor xerador de movementos humanos forzados.
- Promoción da saúde colectiva e individual das persoas. Concebindo esta dende un enfoque integral. Facilitando o acceso a recursos de coidado e saúde mental, especialmente cando se trate de colectivos que, polas súas características, teñan dificultade de acceso ó mesmo. Neste senso, achegar recursos e traballar co obxectivo de promocionar relacións socio-afectivas sans.
- Fomentar a ampliación e creación de redes que faciliten e propicien o estudo e investigación das realidades sociais, así como o traballo coordinado entre as diferentes entidades públicas e privadas.
- Fomentar a formación e a sensibilización de toda a poboación. Potenciando o voluntariado nas diferentes áreas de traballo da asociación.

Artigo 5. Para o cumprimento dos devanditos fins realizaranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Accións de sensibilización, educación para o desenvolvemento, promoción da interculturalidade, mediación e calquera tipo de programas que faciliten a promoción e autonomía das persoas estranxeiras, refuxiadas, solicitantes de asilo ou calquera poboación en risco de exclusión social.
- Desenvolvemento, implementación, xestión e avaliación de programas e servizos de atención social, xurídica e sanitaria a persoas en risco ou situación de exclusión social con especial atención ás persoas de orixe extranxeira que cheguen ao noso país. Establecendo a tal efecto actuacións de atención integral, específicas e personalizadas.
- Coordinación con outras organizacións, públicas e privadas, de cara ó desenvolvemento ou implementación de programas e actividades.
- Actividades orientadas a garantir a inclusión plena dos colectivos cos que traballamos, conforme ás esixencias da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Desenvolver programas e accións de formación nos eidos anteriormente descritos dos diferentes axentes sociais.
- Desempeño de tarefas de dinamización social promovendo a participación a través do voluntariado.

CAPÍTULO II. DAS E DOS ASOCIADAS/OS

Artigo 6. Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

Así mesmo, poderán tamén asociarse as persoas xurídicas, tralo acordo do seu acordo correspondente, e que reunan os seguintes requisitos:

- a. Non contar con débedas coa asociación.
- b. Aceptar e respectar os principios básicos da Asociación.
- c. Participación na asamblea da Asociación.



Os acordos de admisión das/os asociadas/os serán refrendadas por acordo da Xunta Directiva unha vez feita a solicitude por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7. Dentro da Asociación existirán as seguintes tipoloxías de socias/os:

- a. Fundadoras/es, serán aquelas persoas que suscriban a acta fundacional.
- b. Numerarias/os, serán aquelas personas que ingresaron con posterioridade á acta fundacional.
- c. Honorarias/os, aquellas persoas que, a xuízo da Xunta Directiva axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8. A condición de socia/o perderase se concurre algunha das seguintes situacions:

- a. Por vontade propia, sen prexuízo de que se satisfagan as obrigas pendentes coa asociación.
- b. Pola falla de pagamento de 4 cotas.
- c. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociacion.
- d. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

A expulsión das persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9. Son dereitos das persoas asociadas:

- a. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercendo o derecho a voto, así como asistir á Asamblea Xeral de acordo aos Estatutos.
- b. Ser informada/o da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento das actividades.
- c. Ser ouvida/o con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e ser informada/o dos feitos que dan lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- d. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós Estatutos.

As persoas asociadas honorarias non intervirán na organización da asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultados a asistir ás asembleas con voz, pero sin voto.

Artigo 10. Ademais das legais, as persoas asociadas deberán cumplir coas seguintes obrigas:

- a. Compartir as finalidades da asociación e colaborar na súa consecución.
- b. Pagar as cotas que se establezan.
- c. Desempeñar os cargos para os que foron elixidas/os.
- d. Acatar e cumplir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.



CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. A dirección e administración da asociación serán exercidos pola/o Presidenta/e, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12. A/O Presidenta/e da Asociación será designada/o pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas e o seu mandato durará 4 anos. Será asistida/o nas súas funcións pola vicepresidencia, que a/o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

A/O Presidenta/e terá as seguintes atribucións:

- a. Representa á asociación ante calquera ente público ou privado.
- b. Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e dirixir as deliberacións dunha e doutra e decidir con voto de calidade en caso de empate.
- c. Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d. Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e. Adoptar as resolucións que procedan, en base a razóns de urxencia, dando conta á Xunta Directiva das decisións adoptadas para a súa ratificación na sesión seguinte.
- f. Subscribir Acordos ou Convenios con Asociacións, Corporacións, Federacións, ou outras entidades, previo acordo coa Xunta Directiva.

Artigo 13. A Xunta Directiva estará formada polo/a Presidente/a, un/unha vicepresidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureira/a e un número variable de vocais, que poderá ser dun mínimo de un a un máximo de catro.

Tódolos cargos que componen a Xunta Directiva serán voluntarios, sendo elixidos e revocados pola Asamblea Xeral entre os/as candidatos/as propostos/as.

Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, só podendo percibir retribucións pola prestación á Asociación de servizos distintos dos propios do seu cargo. De calquera maneira, os/as miembros da Xunta Directiva terán o dereito a que sexan reembolsados os gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

A duración dos cargos será por un período de catro anos, áínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por:

- a. Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
- b. Renuncia voluntaria
- c. Transcurso do prazo para o que foron elixidos
- d. Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por $\frac{2}{3}$ dos asociados e asociadas reunidos/as en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día da persoa sucesora.

As vacantes que se poderán producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección





definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 4 persoas, que exercerán as funcións de presidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e vocal.

Artigo 14. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a. Dirixir as actividades asociativas e levar a xestión económica e administrativa da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos
- b. Executar os acordos da Asemblea Xeral
- c. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais
- d. Resolver sobre a admisión de novas persoas asociadas e sobre as cotas de entrada e mantemento das mesmas
- e. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral
- f. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o funcionamento da asociación
- g. Aquellas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación

Artigo 15. A Xunta Directiva será convocada polo/a presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola mayoría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

O/A secretario/a ou, no seu defecto, o/a vocal que o/a substitúa, levantarán acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas

Artigo 16. A Asemblea Xeral de persoas asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolas persoas integrantes desta. A/O presidenta/e e o/a secretario/a da Asemblea serán o/a presidente/a e o/a secretario/a da Xunta Directiva.

Artigo 17. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten o 30% dos/das socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao/á presidente/a, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se exporá o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 18. A Asemblea Xeral reunirase necesariamente no período que vai dende o mes de xaneiro até o de abril. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase no local da asociación para as asambleas ordinarias e no domicilio das persoas asociadas ou a través do correo electrónico para as extraordinarias.

Artigo 19. Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a. Aprobar o plan de actividades
- b. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior
- c. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio
- d. Exame e aprobación das cotas



Artigo 20. Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a. Modificar os estatutos da asociación
- b. Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva
- c. Aprobar a federación con outras asociacións
- d. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais
- e. Acordar a disolución da asociación
- f. Designar os/as liquidadores/as
- g. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva
- h. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación
- i. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación
- j. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave perxuízo para a asociación.
- k. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 21. A Asemblea Xeral quedará válidamente constituída sempre que concorran a máis un das persoas asociadas na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do/da presidente/a ou vicepresidente/a e o secretario/a ou persoa que o substitúa.

Artigo 22. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple das persoas asistentes ou representados/as, excepto os relativos ós apartados do a) ó g) do artigo 20, que requerirán dous terzos. A continuación levaranxe os acordos ó libro de actas e asinarao o/a presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobado pola maioría dos membros presentes.

Artigo 23. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o/a presidente/a. Seguidamente procederáse por parte do/a secretario/a á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada

Posteriormente, o/a secretario/a procederá a presenta-la orde do día. Cada punto será informada polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 24. Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación, poderán ser recorridos ante a Asemblea Xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 25. O/A secretario/a terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro das persoas asociadas e custodiará a documentación da entidade. Correspondelle, así mesmo notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do/a presidente/a. Tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.



Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do/da secretario/a, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 26. O/A tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a, levará a contabilidáde da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos associativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

O/A tesoureiro/a formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior que deben ser presentados á Xunta Directiva, para que esta, á sua vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 27. Os/As vocais terán as obrigacions propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegaciós e comisiós de traballo que esta lles encomende.

CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. A asociación carece de patrimonio ó constituirse e o presuposto anual virá dado pola perfecta correlación entre os ingresos previstos e os gastos estimados. Non existirá límite no presupuesto anual.

Artigo 30. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a. As cotas de entrada que sinale, no seu caso, a Xunta Directiva.
- b. As cotas periódicas das persoas asociadas
- c. Os ingresos que obteña a asociación mediante as actividades lícitas que acuerde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos límites estatutarios.
- d. Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados ou donaciós que poidan recibir en forma legal.
- e. Calquera outro recurso lícito

Artigo 32. A administración dos fondos da asociación levarase a cabo sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente, á fin de que as persoas asociadas poidan ter coñecemento periódico do destino dos fondos.

Artigo 33. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano

CAPÍTULO V. DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 34. O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamiento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil





CAPÍTULO VI. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 37. Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas $\frac{2}{3}$ partes das persoas asociadas. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38. A asociación disolverase voluntariamente por acordo das persoas asociadas adoptado polas $\frac{2}{3}$ partes das persoas asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto.

Artigo 39. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que xunto ó/á presidente/a e ó/á tesoureiro/a, procederán para efectuar la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.


Artículo 40. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rregistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non está previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora de Dereitos de Asociación e as súas disposicións complementarias.

En Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2021



DILIXENCIA: para facer constar que os presentes estatutos recollen as modificacións acordadas na asemblea xeral extraordinaria do 22 de abril de 2021

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO

David Castro Doncarlín

VºBº

A PRESIDENTA

Dª. TANIT PURA VÁZQUEZ ESTÉVEZ

NIF: 47374193N

A SECRETARIA

Dª. PILAR FERNÁNDEZ FERNANDEZ

NIF: 34882026L

VAZQUEZ
ESTEVEZ
TANIT PURA -
47374193N

Firmado digitalmente
por VAZQUEZ
ESTEVEZ TANIT PURA -
47374193N
Fecha: 2021.05.11
01:25:10 +02'00'

FERNANDEZ
FERNANDEZ,
PILAR
(AUTENTICACIÓN)

Firmado digitalmente por
FERNANDEZ FERNANDEZ,
PILAR (AUTENTICACIÓN)
Fecha: 2021.05.10
17:02:08 +02'00'

